

Guía rápida 2017 PONTEVEDRA

Fundación Bancaria "la Caixa"




Obra Social "la Caixa"

Máis de 110 anos de compromiso social

A Fundación Bancaria “la Caixa” nace no 2014 da transformación de “la Caixa” en fundación bancaria. Desde as súas orixes en 1904, “la Caixa” caracterizouse por un forte compromiso social e unha vocación de traballo a favor do interese xeral, tanto a través da súa actividade financeira como da súa Obra Social, que financia e mantén actividades de carácter social, educativo, cultural e científico.

A Fundación Bancaria “la Caixa”, que administra activos por un valor superior aos 20.000 millóns de euros, xestiona de forma directa a Obra Social que caracterizou historicamente a “la Caixa” e, ademais, agrupa en CriteríaCaixa todas as participacións accionarias do Grupo “la Caixa”, en sectores como o enerxético, as infraestruturas, os servizos e o negocio inmobiliario, e en CaixaBank, o grupo financeiro líder en banca polo miúdo no mercado español.



A esencia da Obra Social

“la Caixa” naceu comprometida co desenvolvemento socioeconómico do territorio e logo proporcionou servizos de asistencia social, cultural e cívica para mellorar a calidade de vida das persoas.

MISIÓN

Construír unha sociedade mellor e máis xusta, dando máis oportunidades ás persoas que máis o necesitan.

VALORES

- > Compromiso social
- > Responsabilidade
- > Confianza

VISIÓN

Ser unha entidade de referencia para a sociedade no desenvolvemento de solucións duradeiras que:

- > Cubran as necesidades básicas dos colectivos máis vulnerables.
- > Favorezan o progreso social dando resposta aos novos retos na investigación, a formación de excelencia, e a educación.
- > Acheguen a ciencia e a cultura a todos os segmentos da sociedade.

Comprometidos co presente e co futuro das persoas

Poñemos especialmente o **foco naqueles programas con maior impacto transformador**, como son os que combaten a pobreza infantil e a exclusión social, os que fomentan o emprego e os que axudan a mellorar as condicións de vida das persoas máis vulnerables.


A nosa actividade concéntrase, ademais, noutros ámbitos: a investigación médica, a formación de excelencia, a cultura e a educación, fundamentais para promover o progreso e a igualdade de oportunidades.

1. Inclúe participacións en sociedades non cotizadas como Vithas, Caixa Capital Risc e Aigües de Barcelona. A abreviatura *bn* corresponde a mil millóns. Datos a 31 de decembro de 2017.

Obra Social

Coa vontade de seguir intensificando o labor da obra social, aumentamos o orzamento para o 2018 ata 520 millóns de euros, para dar resposta ás necesidades sociais do momento.

A FUNDACIÓN BANCARIA “LA CAIXA”
IMPULSOU NO 2017 PRETO DE **50.000 ACTIVIDADES**,
DAS QUE SE BENEFICIARON
MÁIS DE 11 MILLÓNS DE PERSOAS



Pontevedra Obra Social “la Caixa”

En Galicia destinouse un orzamento global no 2017 de 9,5 M€ para a atención ás persoas e aos colectivos máis desfavorecidos e con máis necesidades da sociedade.

ACCÍONS XESTIONADAS DESDE A PROPIA REDE DE OFICINAS DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2017

Deste orzamento global, a través das oficinas de CaixaBank en Pontevedra, e en colaboración con administracións locais e entidades sociais, desenvolvéronse 140 actividades cun investimento de máis de 520.000 €.



ORZAMENTO GLOBAL
9,5 M€
EN GALICIA

ORZAMENTO DAS OFICINAS DE CAIXABANK²
520.127 €
EN PONTEVEDRA

CUN CLIC, PEQUENAS ACHEGAS PARA GRANDES PROXECTOS
MICRODONATIVOS.LACAIXA.ES

Microdonativos

Neste portal poderás realizar os teus donativos e elixir o proxecto no que queres colaborar coa forma de doazón que mellor se adapte ás túas necesidades:



Donativos a través dunha **tarxeta** comercializada por CaixaBank ou doutra entidade



Mediante **SMS**



A través de **Línea Abierta**, se es cliente de CaixaBank



En calquera oficina de CaixaBank

COLABORA

Todas as achegas serán doadas de maneira íntegra e sen ningún tipo de gasto estrutural aos proxectos seleccionados.

2. O orzamento das oficinas de CaixaBank está incluído no orzamento global do territorio.



Social 2017



Pobreza infantil

Xunto coas entidades sociais, a través do programa CaixaProinfancia axudamos a nenos de 0 a 18 anos e ás súas familias para que teñan un futuro con máis oportunidades.

EN PONTEVEDRA

> Nenos atendidos 121	> Investimento 90.000 €
---------------------------------	-----------------------------------

Vacunación infantil

Promovemos a Alianza para a Vacinación Infantil, xunto a Gavi, the Vaccine Alliance, e en colaboración con ISGlobal, para loitar contra a mortalidade dos máis pequenos en países en vías de desenvolvemento.

INTERNACIONAL

> Nenos vacunados Máis de 2,5 M desde o inicio do programa
--

Emprego

Favorecemos o acceso ao traballo a persoas con dificultades ou que se atopan en risco de exclusión social, impulsando programas e iniciativas para axudalos na busca de oportunidades de emprego.

EN PONTEVEDRA³

> Postos de traballo 321	> Empresas colaboradoras 128
------------------------------------	--

Work4Progress

Programa de innovación para a creación de emprego sostible e de calidade, dirixido a mulleres e mozos en situación de vulnerabilidade da India, Mozambique e o Perú, en colaboración con entidades sociais que traballan sobre o terreo.

INTERNACIONAL

> Beneficiarios 8581

Vivenda

Ofrecemos vivendas de alugamento con rendas inferiores ás establecidas no réxime de protección oficial para facilitar un fogar a mozos, persoas maiores e familias que viran reducidos os seus ingresos.

EN ESPAÑA

> Vivendas sociais 32.000

Persoas Maiores

Impulsamos o papel activo dos nosos maiores co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida, promovendo a formación e a participación social. Dedicamos unha atención especial ás persoas maiores en situación de vulnerabilidade.

EN PONTEVEDRA

> Usuarios 10.331	> Actividades realizadas 245
-----------------------------	--

3. Inclúe: Incorpora e Espazos Naturais, así como "la Caixa" Emprego Mozo e Máis Emprego de "la Caixa", cofinanciados polo Fondo Social Europeo.

Se non se especifica o contrario, os datos desta guía corresponden exclusivamente ao ano 2017.

Voluntariado

Promovemos o compromiso das persoas coa sociedade a través de accións solidarias destinadas a quen máis o necesitan. Tamén fomentamos a colaboración de empregados, xubilados ou prexubilados de "la Caixa" e clientes mediante o voluntariado corporativo.

EN GALICIA

> Voluntarios corporativos 250
--

EN ESPAÑA

> Voluntarios⁴ máis de 16.000
--

Atención integral a persoas con enfermidades avanzadas

O programa complementa a atención sanitaria que se realiza desde cuidados paliativos, achegando equipos profesionais que ofrecen intervención psicosocial e espiritual para conseguir unha atención integral.

EN PONTEVEDRA

> Pacientes 608	> Familiares atendidos 704
> Equipos de Atención Psicosocial 1	

Programa de Axudas a Proxectos de Iniciativas Sociais

Transformamos as realidades de miles de persoas en situación de vulnerabilidade a través de proxectos sociais emprendidos en diferentes localidades, ofrecéndolles oportunidades de mellora grazas ás axudas concedidas.

EN PONTEVEDRA

> Proxectos 3	> Investimento 56.350 €
-------------------------	-----------------------------------

Alianzas contra a malaria e a pneumonía

Colaboramos coa Fundación Bill e Melinda Gates e ISGlobal para eliminar a malaria no sur de Mozambique, e con Unicef para detectar de forma precoz a pneumonía e combatela.



Alianza contra a malnutrición infantil

Traballamos para incrementar a supervivencia infantil en campos de refuxiados, en colaboración con ACNUR, mediante a mellora das condicións nutricionais dos nenos e a introdución de metodoloxías innovadoras.

INTERNACIONAL


> Nenos atendidos máis de 100.000	> Mulleres embarazadas e en período de lactación atendidas máis de 20.000
---	---

ProFuturo

Impulsamos, xunto á Fundación Telefónica, o programa ProFuturo, baseado na educación dixital para nenos e mozos vulnerables de países de África, América Latina e Asia.

INTERNACIONAL

> Nenos beneficiados 5,6 M



4. Inclúe: voluntariado corporativo, de persoas maiores e especializado.



Cultura e educación 2017



EduCaixa

Conscientes do papel fundamental da educación, apostamos por EduCaixa como un novo axente transformador do sistema educativo, con ferramentas coma o portal EduCaixa.com e axudas para financiar a evolución de programas educativos.

EN PONTEVEDRA

- > **Escolares beneficiados**
23.526
- > **Escolas participantes**
100



Exposicións itinerantes

Exposicións que fan ruta por todo o territorio promovendo a cultura e a ciencia como ferramentas de crecemento persoal e de integración social.

EN PONTEVEDRA

- > **Exp. itinerantes**
2
- > **Visitantes**
77.195



Música

Achegamos a música e as artes escénicas a todas as persoas para fomentar os valores de convivencia, participación e respecto polos demais, a través dunha oferta cultural para todos os públicos.

EN GALICIA

- > **Concertos**
9
- > **Usuarios**
6.683



Bolsas, investigación e innovación 2017



Bolsas

Impulsamos o talento e a carreira científica e investigadora coa colaboración dos mellores centros do mundo. A formación de excelencia é a clave para dar oportunidades a aquelas persoas que poden transformar a nosa sociedade.

EN ESPAÑA E NO ESTRANXEIRO

- > **Bolsas concedidas**
197

EN GALICIA

- > **Bolsas concedidas**
3

Investigación

Ofrecemos soporte á investigación destacada e de excelencia, priorizando os proxectos de investigación con máis valor potencial e de impacto social. Facémolo xerando unha extensa rede de colaboradores cos principais centros de investigación do país.

EN ESPAÑA

- > **Investimento en investigación e innovación**
máis de 35 M€

Innovación

Fomentamos a transferencia do coñecemento e a tecnoloxía á sociedade. Impulsamos proxectos que busquen a translación da investigación á sociedade, a través do programa CaixaImpulse.

EN ESPAÑA

- > **CaixaImpulse**
23 proxectos

INVESTIMENTO GLOBAL (BOLSAS, INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN)
MÁS DE 54 M€

Observatorio Social

É un instrumento que promove a reflexión e analiza as tendencias e os retos sociais. Pretende divulgar, entre un público amplo e de maneira atractiva e accesible, os principais resultados e tendencias das ciencias sociais.



© DOS TEXTOS, OS AUTORES

© DAS FOTOGRAFÍAS, OS AUTORES

© FOTOGRAFÍA DO APARTADO "ALIANZAS CONTRA A MALARIA E A PNEUMONÍA", UNICEF/NYHQ2010-2382/ASSELIN

© DA EDICIÓN, FUNDACIÓN BANCARIA "LA CAIXA" 2018

PR. DE WEYLER, 3 · 07001 PALMA

O NOSO COMPROMISO SOCIAL

consolidounos como a primeira fundación
do país e a terceira do mundo



Fundación Bancaria "la Caixa"